

NÚMERO 1/18

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URGENTE CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 18 DE XANEIRO DE 2018.-

Na Casa do Concello de Sada, ás vinte horas e cinco minutos do día dezaoto de xaneiro de dous mil dezaoto, reúnese o Pleno do Concello en sesión extraordinaria que se celebra en primeira convocatoria con carácter de urxente, baixo a presidencia do Alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, estando presentes os concelleiros D. Ernesto Anido Varela, D^a. Raquel Bolaño Fariñas, D. Alberto Manuel García Cotelos, D^a. María José García Freire, D. José Emilio Gómez López, D. Marcos López Mallo, D^a. María Pardo Fafián, D^a. María del Carmen Pose Varela, D^a. Isabel Reimundez Suárez, D^a. María Soraya Salorio Porral, D. Xosé Lois Suárez Becerra, D. José Luís Tellado Villares e D. Miguel Tenreiro Bouza, asistidos polo Secretario da Corporación, D. Emilio Seijo Frías. Está presente o Interventor, D. Jaime Presas Beneyto. Non asisten, escusando a súa ausencia, os concelleiros D^a. Zeltia Natividade García Ben, D. Francisco José Montouto Pérez e D. Ramón Rodríguez Ares.-

Aberta a sesión pola Presidencia, procédese ao exame dos asuntos da Orde do Día, adoptándose os seguintes acordos:

1º.- Ratificación, se procede, da urxente convocatoria.-

O sr. Alcalde expón que o motivo de convocar por urxencia esta sesión extraordinaria é a necesidade de rematar a tramitación e aprobación da Conta Xeral do Orzamento de 2016 para poder participar nas convocatorias de subvencións da Deputación provincial que rematan esta semana.-

O sr. Anido critica o atraso na tramitación da conta e a falla de planificación que pon de manifesto esta convocatoria, que en todo caso tería que terse realizado pola mañá para poder facer o traballo de presentación das solicitudes de subvención coa marxe necesaria; considera unha auténtica irresponsabilidade que Sada sexa o único Concello da comarca sen a Conta Xeral aprobada.-

Seguidamente acórdase por maioría, con sete votos a favor e sete abstencións, ratificar a urxencia da convocatoria, así como a inclusión na Orde do Día dos asuntos que a integran.-

2º.- Conta Xeral do Presuposto do exercicio 2016.-

O sr. Alcalde somete a debate o ditame favorable da Comisión Xeral verbo da aprobación definitiva da Conta Xeral.-

O sr. Gómez, polo grupo PDSP, está a favor do ditame, á vista do informe de Intervención sobre as alegacións presentadas.-

O sr. López Mallo, polo grupo PP, destaca o atraso na tramitación de diversos expedientes dos servizos económicos, e a absoluta responsabilidade de que se fagan as cousas en prazo que corresponde ao goberno municipal. Cre que convocar unha comisión e un pleno extraordinario por urxencia corresponde a casos como as inundacións, vaga de lumes forestais ou situacións análogas, non para a Conta Xeral que ten legalmente predeterminada a súa data tope de aprobación anual. Partindo de que se manteñen variables positivas seguindo o camiño iniciado coa xestión económica do PP, considera que hai diversos aspectos que supoñen problemas enquistados, como os ingresos pendentes de cobro, que deberían ser obxecto de depuración, o período medio de pago das facturas, que segundo a conta é de 75 días cando o máximo legal é de 30, e que se debe a que as concellerías delegadas fan gastos non asignados, e os reiterados reparos por falta de informe do técnico competente nas propostas de gasto, así como as gratificacións á Policía Local que crecen ano a ano. Anuncia a abstención do seu grupo.-

O sr. Alcalde di que efectivamente é responsabilidade súa esta convocatoria, que debeu efectuar en decembro pois o expediente xa estaba preparado, pero pensou que podería ir ao pleno ordinario deste mes, e que fai autocrítica por esta cuestión aínda que noutras instancias políticas non se faga o mesmo por cuestións de moita maior entidade. Respecto das consideracións do sr. López Mallo di que o tratamento dos ingresos pendentes de cobro está establecido na Lei e nas Bases de Execución do Presuposto, e haberá que determinar de cara a unha posible depuración que grao de cobro dubidoso presenta cada un; defende a necesidade das gratificacións á Policía Local como único medio de facer fronte ás numerosas baixas, que fan que incluso coas gratificacións por servizos extraordinarios executáronse 209.000 euros menos do que estaba presupostado en 2016, polas reiteradas baixas dese persoal; é certo que se incrementou en 2016 o período medio de pago a provedores, pero nos últimos nove meses conseguíuse chegar a estar por debaixo do prazo legal de 30 días, o que se verá na Conta de 2017. Engade que sendo alcalde o sr. Anido, nunca se levou a Conta Xeral a aprobación en prazo.-

Rematado o debate e sometido pola Presidencia o asunto a votación, resulta adoptado por maioría, con sete votos a favor e sete abstencións, o seguinte acordo:

1º.- Inadmitir as alegacións presentadas por Argimiro Casco Lago (registro de entrada 9817/2017) en base aos informes contidos no expediente, por referirse a cuestións alleas ao contido da conta.-

2º.- Inadmitir as alegacións 1, 2 e 4 presentadas por Alfonso Espiñeira Espiñeira en calidade de presidente do sector de administración local de A Coruña da Central Sindical Independiente e de Funcionarios (CSIF) (registro de entrada 9888) en base aos informes contidos no expediente, por referirse a cuestións alleas ao contido da conta.-

3º.- Rexeitar a alegación 3ª presentada por Alfonso Espiñeira Espiñeira en calidade de presidente do sector de administración local de A Coruña da Central Sindical Independiente e de Funcionarios (CSIF) (registro de entrada 9888) en base aos informes contidos no expediente, por non poder figurar na Liquidación unha aplicación que non figuraba no Presuposto municipal para 2016.-

4º.- Aprobar a Conta Xeral deste Concello correspondente ao exercicio 2016.-

5º.- Render a dita Conta Xeral ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, conforme ao establecido no artigo 212.5 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.-

Non habendo outros asuntos que tratar, ás vinte horas e trinta e cinco minutos do día ao comezo indicado, o sr. Alcalde levanta a sesión, da que se estende esta acta. Do que eu, o Secretario, dou fe.-

A través da páxina web do Concello pódese acceder aos arquivos asinados dixitalmente por este Secretario que conteñen a gravación de imaxe e son desta sesión, coas distintas intervencións dos participantes.-